

(UNITEGA)
Estrada de Cerdedelo, nº 41
32620 Laza (Ourense)

Expediente: C.6.Q/299/13

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2013

Estimado Sr.:



Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número arriba indicado.

Unha vez estudada a súa queixa, dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 45 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. En concreto requirímoslle que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no art. 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre a comprobación das circunstancias mencionadas; sobre as causas polas que non se deu publicidade aos criterios respecto das alegacións, no caso de confirmarse tal cousa; e sobre as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa. Tan pronto como recibamos o preceptivo informe que ese órgano ten que remitirnos poñerémos de novo en contacto con vostede.

En calquera caso, informámolo de que a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para recorrer a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional.

Agradézolle a confianza que nos demostra e saúdoo atentamente.



José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)